

Resolución do 29 de abril de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 18 de setembro de 2007, pola que se publican as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes desta consellería para o curso académico 2007-2008.

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procédese mediante esta resolución á publicación das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 18 de setembro de 2007 (DOG nº 186, do 25 de setembro), pola que se publican as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria para o curso académico 2007-2008.

Aplicación orzamentaria: 09.01.423A.481.0.

Finalidade da axuda e norma reguladora: Orde do 18 de setembro de 2007 (DOG nº 186, do 25 de setembro), pola que se publican as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso académico 2007-2008.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, para cada anualidade, a cada unha delas recóllense no anexo.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2008.

O secretario xeral
Rubricado

ANEXO Axudas concedidas

Entidade	Centro	Concello	Total axuda	Ano 2007	Ano 2008
ANPA EEI San Roque, Viveiro	EEI San Roque	Viveiro	803,57	343,13	460,44
ANPA do CEIP Antonio Pedrosa Latas, Viveiro	CEIP Antonio Pedrosa Latas	Viveiro	2.701,82	1.153,70	1.548,12
ANPA CEIP Illa Verde	CEIP Illa Verde	Lugo	6.910,01	2.950,63	3.959,38
ANPA Padre Feixoo	CEIP de Foz nº 1	Foz	3.480,37	1.486,15	1.994,22
ANPA CEIP Mestre Rivera Casás	CEIP Mestre Rivera Casas	Cervo	3.862,85	1.649,47	2.213,38
ANPA CEIP Virxe do Carme	CEIP Virxe do Carme	Burela	6.819,72	2.912,08	3.907,64
ANPA CEIP Vista Alegre	CEIP Vista Alegre	Burela	2.853,75	1.218,57	1.635,18
ANPA CEIP de Galdín	CEIP Galdín	Cervo	6.689,11	2.856,30	3.832,81
ANPA do CEIP Sagrado Corazón	CEIP Sagrado Corazón	Lugo	1.511,62	645,47	866,15
Federación Provincial de Anpas	CEIP Irmáns Villar	Ourense	45.349,90	19.364,77	25.985,13
ANPA do CEIP Valle Inclán	CEIP Valle-Inclán	Grove, O	14.084,69	6.014,28	8.070,41
ANPA Troncoso	CEIP Nosa Señora de Lourdes	Mondariz-Balneario	916,59	391,39	525,20
ANPA do CEIP Souto - Donas	CEIP Souto-Donas	Gondomar	4.003,42	1.709,49	2.293,93
ANPA do Fontes-Bafña	CEIP de Fontes-Bafña	Baiona	4.887,29	2.086,91	2.800,38
ANPA O Cruceiro	CEIP Cruceiro	Sanxenxo	4.311,85	1.841,19	2.470,66
ANPA Diomedes	CEIP Nº 1	Tui	2.127,86	908,61	1.219,25
ANPA Pena de Francia	CEIP Pena de Francia	Mos	2.570,33	1.097,55	1.472,78
ANPA do CEIP Mestre Valverde Mayo, Mos	CEIP Mestre Valverde Mayo	Mos	2.029,02	866,41	1.162,61
ANPA do CEIP de Barro	CEIP Amor Ruibal	Barro	8.895,70	3.798,54	5.097,16
ANPA Os Muiños	CEIP Alexandre Bóveda	Redondela	5.245,56	2.239,90	3.005,66
ANPA A Lagoa	CEIP Infante Felipe	Salvaterra de Miño	5.423,55	2.315,90	3.107,65
ANPA O Picoto	CEIP Domaio	Moaña	3.961,78	1.691,71	2.270,07
ANPA A Muralla	CEIP de Abelendo	Moaña	2.676,04	1.142,69	1.533,35
ANPA Arroás	CEIP A Guía	Moaña	5.223,12	2.230,31	2.992,81
ANPA Entrevalos	CEIP de Quintela	Moaña	3.981,87	1.700,29	2.281,58
ANPA Araes	CEIP de Seara	Moaña	6.805,17	2.905,86	3.899,31
ANPA Bolboretta	CEIP Santo Paio de Abaixo	Redondela	2.154,52	920,00	1.234,52
ANPA Covaterreña	CPI de Cova Terreña	Baiona	4.452,67	1.901,33	2.551,34
ANPA O Xunqueiro	CEIP Chancelas	Poio	4.196,84	1.792,08	2.404,76
ANPA Santa Mariña - Gondomar	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	5.488,21	2.343,51	3.144,70
ANPA Madreboa	CEIP Tirán	Moaña	1.300,02	555,12	744,90
ANPA San Miguel de Peitieiros	CEIP Xosé Neira Vilas	Gondomar	3.168,08	1.352,80	1.815,28
ANPA As Olivas	CEIP Nº 2	Tui	5.885,21	2.513,03	3.372,18
ANPA A Gamela	CEIP de Lourido	Poio	6.997,32	2.987,91	4.009,41
ANPA de Sabaris	CEIP de Sabaris	Baiona	2.956,62	1.262,50	1.694,12
ANPA C.P. El Rosario	CEIP de Belesar	Baiona	2.215,50	946,04	1.269,46
ANPA CEIP Cedeira	CEIP de Cedeira	Redondela	2.076,89	886,85	1.190,04
ANPA do CEIP de Petelos	CEIP de Petelos	Mos	4.656,62	1.988,41	2.668,21
ANPA Penedos	CEIP de Laredo	Redondela	2.914,20	1.244,39	1.669,81
ANPA Raul Boullosa	CEIP de Conmenio	Grove, O	1.633,38	697,47	935,91
ANPA A Lumbe	CEIP Antonio Carpintero	Arbo	5.945,45	2.538,76	3.406,69
Federación Olívica	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	212.051,16	90.547,52	121.503,64
Federación Provincial	CEIP Campolongo	Pontevedra	98.003,40	41.848,25	56.155,15
ANPA do CPI Julia Becerra Malvar	CPI Julia Becerra Malvar	Ribadumia	11.026,41	4.708,37	6.318,04
ANPA O Castro	CEIP Mestre Martínez Alonso	Mos	2.208,30	942,96	1.265,34
Federación de Anpas Ferrolterra	CEIP Cruceiro de Canido	Ferrol	26.470,17	11.302,98	15.167,19

Entidade	Centro	Concello	Total axuda	Ano 2007	Ano 2008
Federación Provincial de Anpas da Coruña	CEIP Alborada	Coruña, A	252.409,67	107.780,97	144.628,70
ANPA da EEI Fernández Varela	EEI Fernández Varela	Pobra do Caramiñal, A	2.293,14	979,19	1.313,95
ANPA Centieiras	CEIP de Centieiras	Fene	1.861,16	794,73	1.066,43
ANPA A Granxa	CEIP Bergantiños	Carballo	7.037,05	3.004,88	4.032,17
ANPA Fontenla	CEIP das Fontiñas	Santiago de Compostela	3.789,84	1.618,29	2.171,55
ANPA Sarela	CEIP Raña Fabiola	Santiago de Compostela	3.414,48	1.458,01	1.956,47
ANPA A Colexiata	CEIP Colexiata do Sar	Santiago de Compostela	5.848,47	2.497,34	3.351,13
ANPA López Ferreiro	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	13.123,60	5.603,88	7.519,72
ANPA Roxos Vilvestro	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	4.308,29	1.839,67	2.468,62
ANPA Agarimo	CEIP María Barbeito e Cervino	Coruña, A	11.776,46	5.028,64	6.747,82
ANPA A Ferradura	CEIP Pío XII	Santiago de Compostela	19.150,16	8.177,27	10.972,89
ANPA do CEP Salustiano Rey Eiras	CEP Salustiano Rey Eiras	Pobra do Caramiñal, A	2.917,43	1.245,77	1.671,66
ANPA Cadreche	CEP Pilar Maestu Sierra	Pobra do Caramiñal, A	896,91	382,99	513,92
ANPA Frións	CEIP de Frións	Ribeira	6.060,44	2.587,86	3.472,58
ANPA Cobas	CEIP Os Tilos	Teo	6.239,97	2.664,52	3.575,45
ANPA CEIP Sta María do Castro	CEIP Santa María do Castro	Boiro	2.121,54	905,91	1.215,63
ANPA Monte Tahume	CEIP de Oliveira	Ribeira	712,77	304,36	408,41
ANPA Nosa Sra. do Carne	CEIP de Aguiño	Ribeira	568,30	242,67	325,63
ANPA Valle Inclán	CEIP Ramón María del Valle-Inclán	Oleiros	21.141,59	9.027,63	12.113,96
ANPA Luís Seoane	CEIP Luís Seoane	Oleiros	12.726,84	5.434,46	7.292,38
ANPA Landras	CEIP Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	1.452,47	620,22	832,25
ANPA CEIP Ponte dos Brozos	CEIP Ponte dos Brozos	Arteixo	26.889,53	11.482,05	15.407,48
ANPA Athenea	CEIP Cardeal Quiroga Palacios	Santiago de Compostela	2.578,01	1.100,83	1.477,18
ANPA Quintán	CEIP Pedro Barrié de la Maza	Sada	10.924,53	4.664,86	6.259,67
ANPA Monte dos Postes	CEIP Monte dos Postes	Santiago de Compostela	6.915,82	2.953,11	3.962,71
ANPA CEIP Apóstolo Santiago	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	1.923,20	821,22	1.101,98
APA Miguel Hernández	IES Miraflores	Oleiros	6.057,86	2.586,82	3.471,04

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e que non estean integrados na rede galega de teatros e auditorios, para o equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Deporte responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27.19º, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia, e, no artigo 32, que lle corresponde ao Goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Deporte asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Compételle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais, que desenvolvan un labor cultural dentro do seu ámbito competencial.

Movéndonos no eido concreto das corporacións locais e das súas entidades públicas, a Consellería de Cultura e Deporte, e dentro da súa aposta pola dinamización cultural do país, considera que a mellora das condicións de equipamento e a mellora das condicións técnicas dos locais destas entidades fomentaría o seu atractivo cara a un público cada vez máis exixente, e posibilitaría o reequilibrio na distribución das actividades facilitando que aquelas corporacións que non forman parte da rede de teatros e auditorios e que apostan pola cultura de Galicia dispoñan dos medios axeitados para dotar e acondicionar os seus locais, co fin de abrir as súas ofertas culturais aos novos campos da cultura, e facilitar así o reequilibrio territorial na distribución cultural.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Deporte quere establecer con esta orde un instrumento que, axeitándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados á mellora dos locais e do equipamento das corporacións locais e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

1. Esta orde fixa o réxime de concesión, en concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á mellora e equipamento dos locais das corporacións locais e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para o ano 2008, no que atinxe á mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos